

MEMORIA DE ACTIVIDADES POR ÁREAS. PERÍODO: 2016-2017.

As actividades están organizadas segundo as áreas de traballo acordadas na asemblea de 2016. Entre paréntese recóllese á persoa responsábel da coordinación, que non quen realizou as actividades. A revisión das coordinacións é unha tarefa para a propia asemblea.

1 Biodiversidade (Antom Fortuna). Inclúe Benestar animal (José Cadaveira)

Maio, 2016.

-Apoio na acción da Plataforma contra as Fumigacións de envío masivo de correos electrónicos á Xunta de Galicia e deputacións provinciais contra o emprego de Glifosato por parte da propia Administración. Apoio do manifesto GLIFOSATO NON NO NOSO NOME.

- Tras a chamada dunha particular denunciámos ante o distrito forestal de Arzúa unha corta ilegal no concello de O Pino. O axente forestal cursa a sanción (multa e obriga de reposición de frondosas).

Xullo-Agosto 2016

-Colaboración na campaña de loita contra os herbicidas no Val Miñor dentro da Plataforma contra as Fumigacións. Colaboración na campaña "Galicia libre de Glifosato".

-Apoio á manifestación antitouradas en Pontevedra.

Setembro 2016.

-Pedimos publicamente a retirada da primeira revisión do plan forestal galego.

-Adherímonos á carta á FAO para pedir revisión da súa definición errónea e tendenciosa de "bosques".

Xaneiro 2017

-Nova na web de Verdegaia contra a posibilidade que propón o PSOE de revisar o Catálogo Español de Especies Invasoras.

-Colaboramos nunha roga para eliminar especies invasoras no monte de Froxán, Lousame.

Febreiro 2017

-Fixemos pública denuncia do campionato de caza do Raposo (IV supercopa galega) a celebrar no concello de Rodeiro.

-Denunciamos ante a delegación territorial da Consellería de Medio Ambiente unha abusiva limpeza no río Basteiro, afluente do Belelle, en Neda. Esta realizouse con maquinaria pesada e eliminou parte da vexetación de ribeira.

Marzo - Abril 2017

-Apoiamos a manifestación a favor do lobo ibérico celebrada en Madrid o 12 de marzo.

-Enviados comentarios ao Anteproxecto de Lei de Patrimonio Natural, dentro do prazo aberto pola Xunta de Galicia para remitir suxestións.

-Apoio á oposición dun veciño de Brión á ampliación dunha granxa de visóns nese concello.

-Participamos da iniciativa de conformación de asembleas comarcais contra a eucaliptización, promovida dende os colectivos Luita Verde e Erva.

Maio, 2017

-Participamos e facemos achegas á campaña da plataforma “Stop Vespa Velutina”.

Ao longo do ano.

-Participación de João Serdoura como Representante Comité de Caza de Pontevedra.

-Representación no Padroado do Parque Nacional Illas Atlánticas, Diego Vieites:

- Envío dunha nota de prensa en nome da F.E.G. esixindo a aprobación dun P.R.U.X. á altura dun espazo co maior nivel de protección existente.
- Resposta ás declaracións efectuadas pola conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, nas que afirmara que non se rebaixaría a cota de visitantes do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas, en concreto ao arquipélago das Cíes, apostando por incrementar o número de visitantes dos 300.000 aos 400.000 anuais.

-Campaña “Atropelos, non grazas!”: comezo da recompilación e tratamento de todos os datos recollidos durante os anos 2013, 2014, 2015 e 2016 como determina o cronograma da campaña.

-Representación de Verdegaiá na Plataforma pola Protección da Serra do Galiñeiro, Diego Vieites:

- Apoio á difusión da VI Andaina pola Protección da Serra do Galiñeiro.

2 Residuos (Roi Seoage)

-Apoio á veciñanza da Grixoa (Compostela) na súa oposición a un vertedoiro instalado na antiga canteira de Miramontes (abril, 2017).

-Solicitude de información, comparecencia como parte interesada e presentación de alegacións á solicitude de autorización ambiental integrada das instalacións do centro de xestión ambiental de Lousame, promovido por Gestora de Residuos del Noroeste, S.L. no concello de Lousame. Difusión na prensa das alegacións.

-Presentamos alegacións ao proxecto de vertedoiro na parroquia de Lesta, en Ordes (setembro, 2016).

3 Transporte e enerxía (Fran G.C. e João Serdoura)

-Facemos pública a nosa postura sobre a proposta de vía ciclista do Concello de Vigo (xaneiro, 2017).

-Apoio á veciñanza afectada para a obtención de información e presentación de alegacións a unha liña de alta tensión para subministro eléctrico á Coruña.

-Colaboración na organización dos futuros encontros ciclistas de 2018.

4 Xustiza social (Iñaki Varela)

-Apoiamos as distintas campañas en favor dos procesados na Operación Jaro.

-Fixemos publicación na nosa páxina pola conmemoración do 20º aniversario da resistencia campesiña do MST.

-Elaboramos comunicado pola represión e asasinato de manifestantes en Oaxaca.

-Pertencemos á Plataforma contra os Tratados de Libre Comercio (TTIP, CETA, etc), difundimos os seus comunicados e apoiamos as súas manifestacións.

-Unímonos á campaña de apoio á sindicalista Laura Bugalho.

-Sumámonos á condena do asasinato de Aldemar Parra García; participamos na homenaxe a Berta

Cáceres, xunto a Contraminación, e partillamos novas de outras compañeiras asasinadas ou represaliadas.

-Pertencemos á Plataforma pola Sanidade Pública.

-Apoiamos manifestación A pobreza enerxética mata.

-Pertencemos á Rede galega de apoio ás persoas refuxiadas e colaboramos na difusión de campañas e accións.

-Somos Refuxio, Ribeira:

- Asistencia ás asembleas.
- Colaboración en distintos actos: Vixilias solidarias de Ribeira e Rianxo (primavera de 2016), concerto en Rianxo (primavera 2016), festival solidario de Ribeira (inverno 2017).

-Difundimos:

- Demos difusión ás palestras de memoria histórica organizadas por Caleidoskópio.
- Difundimos as xornadas O outro México da Gentalha do Pichel.
- Demos difusión ás palestras d'A Cova dos Ratos: A actualidade no mundo árabe, por Mohamed Safa, e á palestra de experiencias persoais de Peter Punk e sobre os campos de refuxiadxs en Grecia.
- Difundimos novas sobre a situación de Mulleres Rumbo a Gaza.
- Colaboramos na difusión da obra teatral de Títeres Desde Abajo.
- Colaboramos na difusión das xornadas “A privatización da Sanidade Pública en Europa”.
- Espallamos manifestos e actos de rúa contra a violencia machista.

5 Minaría (Nela Abella e Nacho Jorganes)

-Apoiase a persoas de Trueitas, na comarca leonesa da Cabreira, na recollida de sinaturas contra unha louseira promovida por empresas galegas. Dáse difusión a esta campaña.

-Ante a saída a información pública do expediente de solicitude do permiso de investigación mineira Isabela II, de recursos da sección C), de 156 cuadrículas mineiras, situado nos termos municipais de Zas, Santa Comba, Vimianzo e Coristanco, na provincia da Coruña, Verdegaiia e ContraMINAcción participan activamente nunha campaña en contra dese proxecto. Solicítase información sobre o proxecto que non se facilitou nin aos concellos afectados; difúndese a información; ínstase aos concellos a que presenten informes; preséntanse alegacións.

-Fanse alegacións ao "Catálogo de áreas de especial valor paisaxístico de Galiza"

-Solicitude de información do proxecto de explotación da mina San Fins por parte Sacyr. O proxecto carece de trámite ambiental. Autorízase o traspaso de concesións despois da paralización da explotación (tiñan que anularse). No río San Fins hai dúas presas de residuos de minas das que a empresa quere desentenderse. Tamén hai en curso unha solicitude de vertido de augas industriais da mina ao Río San Fins e posteriormente á Ría de Muros-Noia. Presentáronse alegacións ás mesmas. Verdegaiia compareceu como interesada e pediu información a Augas de Galicia e a Minas. Denunciouse a situación á Fiscalía de Medio Ambiente que ten o tema en estudo. Preséntanse tamén denuncias a Augas de Galicia por obras na zona de policía da demarcación de augas.

-Petición de información sobre a mina que o grupo Sacyr ten na Gudiña.

-Contactamos co comité de Megali Panagia en Halkidiki (Grecia). Coñecemos de primeira man os problemas que alí teñen e difundimos a través das redes contra a minaría contaminante.

-Colaboramos na organización dos III Encontros de ContraMINAcción e a plataforma Yes to life, no to mining. Compostela, 4 de marzo de 2017.

6 Litoral e mariña (Sabela Iglesias)

- Participación na campaña contra o proxecto de Lei de Acuicultura. Apoiamos a manifestación do día 27 de febreiro de 2016, en Compostela, contra esa lei.
- Solicitamos a modificación do trazado da proba do VI Costa Trail en Dexo, polo seu efecto en período de cría de aves como o corvo mariño cristado (abril, 2016).
- Coordínase coa FEG a protesta contra a prorroga da concesión a ENCE por sesenta anos máis polo goberno interino do PP.
- Difusión da mobilización nacional contra ENCE e en defensa da Ría do sábado 4 xuño do 2016.
- Difusión do noso rexeitamento á exención do trámite ambiental a Reganosa por parte do goberno en funcións. Presentamos alegacións á nova Solicitud de Autorización Administrativa e Proxecto de Execución de Reganosa (xuño, 2016).
- O Camiño dos Faros: Verdegaia anima ao colectivo que o promove a minimizar o impacto no medio.
- Presentamos a instancias dun particular, denuncia a un varadoiro na Illa de Arousa, por actividades ilegais e verquidos.
- Participamos nunha mesa redonda coordinada e moderada por Plademar Muros Noia, no marco das I Xornadas sobre a Ría de Muros e Noia (febreiro, 2017)
- Facemos público o noso rexeitamento á declaración do Tribunal Supremo, que afirma que non se pode executar a sentenza de demolición dos recheos do Porto de Marín porque non saben discernir cales son ilegais e cales non (febreiro, 2017). Seguimos a colaborar cos colectivos desa ría e ARNSV no seguimento desta cuestión.
- Colaboramos con ARNSV para frear un proxecto de porto deportivo na ría de Aldán.

EDAR de Ribeira:

- Persoarnos no expediente (finais de 2016), xa que no seu día presentáramos alegacións ao Proxecto.
- Envío de resposta ao documento recibido: “Proposta de resolución de autorización de vertido de Augas Residuais de Ribeira” (xaneiro de 2017)
- Apoio e asesoramento á veciñanza na redacción de documentos de protesta e solicitude de información. (Distintas datas entre agosto de 2016 e agora)
- Envío de cartas de protesta a distintos organismos, en apoio á proposta feita polo colectivo de veciñ@s afectad@s. 31 de outubro enviáronse cartas a: Consellería de Medio Ambiente, Augas de Galicia, Consellería de Sanidade. O 16 de novembro, de novo se enviaron escritos ao Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, a Augas de Galicia e a Saúde Pública. En decembro, escrito á Valedora do Pobo, a quen lle volvemos a escribir en reiteradas ocasións en resposta ás súas respostas.
- Asistencia a distintos actos acompañando o colectivo afectado: asembleas (celebráronse varias desde setembro de 2016 ata agora); concentracións (diante do Parlamento galego cando os grupos municipais presentaron as preguntas, nos Areeiros cando Lidia Senra primeiro e deputados do PSOE despois visitaron a zona, diante do concello cando houbo reunións de representantes do colectivo afectado coas autoridades); asistencia ao Parlamento para apoiar coa nosa presenza as preguntas interpostas no Parlamento Galego por distintos grupos parlamentarios (pregunta do PSOE en febreiro de 2017; reunión co Fiscal de Medio Ambiente; reunión coas distintas autoridades implicadas na Casa do Concello de Ribeira, 20 de febreiro, preguntas de En Marea na Comisión do Parlamento Galego en marzo de 2017)

7 Educación ambiental e consumo consciente (Sabela Abalo)

- Imos comezar a colaboración co grupo de educación no rural de Nova Escola Galega.
- Colaboramos coas escolas Semente.
- Pertencemos a Fiare Banca Ética.
- Colaboramos con colectivos de Consumo consciente / grupos de consumo.
- Participamos na Ecomarcha de Ecoloxistas en Acción.
- Verdegaia fixose socia de Eticom Som Connexió.

-Foro Ecolóxico de Ribeira:

- Asistencia ás asembleas.
- Colaboración en distintas actividades (obradoiros, charlas...)

-Difundimos:

- Estamos en contacto coa SGEA e difundimos as súas VII Xornadas.
- Axudamos na difusión de actividades de voluntariado ambiental.
- Difundimos o faladoiro “Independizarse do capitalismo”.
- Espallamos o coñecemento de cooperativas que subministran enerxías renovábeis.
- Demos difusión á palestra “O veneno está na mesa”, da Gentalha do Pichel.
- Colaboramos nun obradoiro de aproveitamento de aceite usado.
- Difundimos as Xornadas de Bioconstrución do Ecolectivo.
- Axudamos na difusión de diferentes actividades da asociación Véspera de Nada.
- Difundimos un obradoiro de pesca sostíbel do CEIDA e Ecoloxistas en Acción.
- Difundimos o IV Encontro nacional de proxectos sustentábeis.
- Celebramos os 40 anos da loita n'As Encrobas.
- Partillamos o ciclo de cine ambiental e solidario Butaca Verde de CEIDA.
- Difundimos as I Xornadas de economía social.

8 Outras actividades

Presentación de achegas ao PXOM de Ferrol.